

As caras dos libros

O DESEÑO DE CUBERTAS NA OBRA DE CARLOS CASARES

MIGUEL VALVERDE JUNCAL

Filólogo
Fundación Carlos Casares

De entre todas as dimensións e facetas coas que conta un libro, a estética non é unha das menores, se ben é un aspecto pouco estudado e analizado. O deseño da cuberta dun libro serve para establecer un primeiro diálogo entre o escritor e o posible lector a través dunha linguaxe plástica que combina a composición textual e tipográfica, a imaxe, as cores e a mensaxe simbólica entre o título e o propio deseño. O deseñador convértese nun provedor de contidos visuais do libro, e a cuberta é un reclamo cuxa tarefa de sedución resulta primordial, ao mesmo tempo que leva o peso publicitario e identitario da obra que presenta.

Durante moito tempo, a cuberta dun libro tiña a función práctica de protexer o seu contido e, en certas épocas, as cubertas transformaban o libro en obxecto de luxo, con encadernacións a medio camiño entre ourivería e alta costura. O costume de darlle á cuberta o seu valor estético conta con menos de dous séculos de existencia; comeza a popularizarse unha vez se alcanza o acceso masivo aos libros grazas á modernización da industria do papel, á aparición dos servizos de produción, e como resposta ás necesidades dunha sociedade cada vez máis lectora. Neste punto o libro pasa por un proceso de democratización: de ser un obxecto único e caro, a ser algo asumible e próximo; perde o seu aspecto artesanal e adquire un ton industrial.

A partir de mediados do século XIX o aumento no consumo de xornais, unido ao abaratamento dos custes de encadernación e á mellora tecnolóxica na impresión de imaxes (como a litografía multicolor) fixeron posible a aparición da industria editorial. As técnicas propias dos deseñadores e ilustradores dos carteis e pósters da época foron utilizados

para encher de motivos e imaxes as capas destas primeiras obras, que adquiren dende ese momento a función de promocionar a información do texto interior.

Os inicios do século XX marcan un punto de inflexión na madurez do deseño nas cubertas dos libros. As correntes estéticas das distintas etapas do século asentáronse na cada vez máis importante industria editorial, especialmente a europea e norteamericana, que se amplía tras o fin da Segunda Guerra Mundial a todo o mundo (as efusións neogóticas de William Morris, as creacións tipográficas futuristas, cubistas, rusas dos anos 20 e mesmo do Bauhaus, etc.). Ao longo das décadas as cubertas cambian, multiplican os seus estilos, vólvense máis complexas ou máis discretas, máis comerciais ou exclusivas, adáptanse ás vontades do mercado, adoptan e definen distintos xéneros de literatura de ficción e non ficción, etc.

No caso de Galicia, o primeiro fito importante para o libro aparece coa introdución da imprenta en Galicia e a impresión do misal auriense (grazas a Passera e Porras, en 1494). A primeira colección na que o deseño da cuberta cobra maior relevancia é a Biblioteca Gallega dos editores Martínez Salazar e Fernández Latorre, con máis de medio centenar de volumes publicados a finais do século XIX. Ata a Segunda República o deseño de cubertas en Galicia é, salvo honrosas excepcións, decimonónico, atrasado e de concepción simbolista. A aparición dun xermolo de artistas dedicados a poñer cara á literatura galega, especialmente durante a Segunda República, comeza a revolucionar o panorama galego: Díaz Baliño, Ánxel Casal, Castelao... A guerra civil española destrúe toda esta creatividade. No exilio, será Luís Seoane quen continuará co labor artístico e cultural xunto aos exiliados europeos da Segunda Guerra Mundial, o que converte a Bos Aires nun centro artístico e creativo fundamental. Seoane mantén os motivos galegos na súa obra gráfica, pero engade todas as influencias dos deseñadores italianos e alemáns, transformándose en punto de referencia para a posterior reconstrución da nova xeira de deseñadores galegos da década de 1970.

Entrementres, é Carlos Maside quen serve de pequeno fío condutor entre unha xeración e a outra, facéndose cargo da dirección artística de Galaxia, e con Xohán Ledo como deseñador das cubertas da editorial. Será este último un dos principais renovadores da imaxe gráfica do libro galego dentro da Galicia de posguerra, pero tamén haberá outros que traballen no deseño e ilustración de cubertas no libro galego, como por exemplo Rafael Alonso, ilustrador da colección Benito Soto, entre

1948 e 1952; Edicións do Castro; ou Pedro Bofill, na colección O Moucho, que funcionou dende 1967 ata principios da década de 1980. Coa normalización da situación no final da ditadura e a aparición de numerosas empresas editoriais galegas, o deseño das cubertas actualízase totalmente á tradición gráfica do momento.

O DESEÑO DAS CUBERTAS NA OBRA DE CARLOS CASARES

En 2017 celébranse 50 anos da publicación en Galaxia da primeira obra de Carlos Casares, *Vento ferido*. A obra de Casares esténdese no marco cronolóxico de 35 anos, ata *O sol do verán*, publicado pouco despois da súa morte, en 2002, e máis alá coa publicación de novas edicións, recompilatorios, traducións... Nese espazo de tempo prodúcese a revitalización do deseño editorial galego, que se pode seguir de xeito concreto no caso de Carlos Casares, aínda que a meirande parte da súa obra literaria está publicada na editorial Galaxia, polo que poderíamos afirmar que a historia da evolución das cubertas na obra de Casares se corresponde coa evolución no deseño editorial de Galaxia.

Pero Carlos Casares foi un escritor prolífico e conta cunha amplísima e extensa bibliografía publicada noutras editoriais: o seu traballo como tradutor, a súa obra literaria traducida a outras linguas, os ensaios e obras institucionais, o seu labor xornalístico, as colaboracións en obra colectiva, as súas edicións críticas, guías e itinerarios... O alcance de distintos rexistros e xéneros fai que a obra de Carlos Casares posúa múltiples visións e deseños que merecen ser repasados neste artigo.

Das case 200 cubertas de libros recollidas, coa presenza de Carlos Casares nalgunha das facetas arriba referenciadas, realizouse unha escolma representativa de pouco máis de 100, debido a restricións de espazo. Aparecen deseñadores e maquetadores como Xohán Ledo, Manuel Janeiro ou Francisco Mantecón, (Galaxia); Xacobe Salom e Carlos Delgado (Edicións do Cerne); Enric Satué (Alfaguara); Enric Solbes (Bromera); Ubach (Caralt); Miquel Puig (Proa); Gynn Rees (Planet); Elisa D'Anna (Japadre); etc.

En canto ás imaxes das portadas, a meirande parte pertencen a pintores. Por citar algúns: Egon Schiele (pintor figurativo austríaco de principios do século XX, polo que Casares se sentía moi interesado); Vincent van Gogh (posimpresionista neerlandés do século XIX); Piero di Cosimo

(renacentista italiano dos séculos XV e XVI); Graham Brace (artista galego pintor de paisaxes); Enric Solbes (pintor, ilustrador e deseñador gráfico de Alacante, falecido en 2009); Edward Hopper (pintor estadounidense do século XX); Giuseppe Arcimboldo (manierista italiano do século XVI); Rafael Coronel (artista e pintor mexicano de mediados do século XX); Edward Burne-Jones (artista e deseñador británico de finais do século XIX, próximo a William Morris); e, por suposto, Ricardo García Suárez (Xohán Ledo), falecido en 2006 ou mesmo o artista e pintor Luís Seoane.

Tamén é salientable a presenza de ilustradores e debuxantes, especialmente na obra infantil: Fausto Isorna, Penélope Ares, Manuel Uhía, Pedro de Llano, Luis Castro Enjamio, Xan López Domínguez, Alberto García Alonso, José María Gallego e Julio Rey, Andrés Meixide, Marga Puncel, etc. Outros artistas que ilustran a cuberta das obras de Carlos Casares utilizan fotografías, como Roberto Quintero; esculturas, como a de José María Navascués; gravados e imaxes antigas (un gravado da edición xermana do *Decamerón* do século XV, un debuxo de Isidro Carnicero do Padre Sarmiento ou outro do artesan Manuel Figueiras para unha portada especial d'*O galo de Antioquía*), etc.

Hai catro funcións básicas que debe cumprir un deseñador á hora de poñerlle cara a un libro. A función “sedutora”, en que o deseño deber ser atraínte; as consideracións de recepción da obra en canto a materiais, ergonomía e conservación; a función semiótica, na que a comunicación simbólica entre o deseño das capas e a propia obra sexa axeitada e que se constrúa un discurso eficaz e coherente; e a función identitaria, na que o deseño se poida identificar rapidamente con determinada colección ou con unha editorial concreta. En canto aos deseños editoriais das portadas de Carlos Casares, pode percibirse esta última función con bastante claridade. Tamén se percibe, no caso concreto da editorial Galaxia, as distintas épocas e decisións editoriais polas que se foi pasando, actualizándose o deseño das cubertas coa tradición impresa e gráfica do momento (o paso das ilustracións de Xohán Ledo ao uso de fotografías e logo a obras pictóricas).

A continuación, expónse unha escolma que contén algunhas das cubertas da obra de Carlos Casares, con información sobre o ano de publicación, a editorial, a colección, o deseño, a imaxe da cuberta e, de ser o caso, a autoría da tradución. Déuselle énfase a aquelas obras con máis edicións e cambios no seu deseño, co fin de visualizar de unha soa vez a evolución sufrida nas distintas etapas.


VENTO FERIDO - WOUNDED WIND - VIENTO HERIDO

Ano: 1967 (1º ed.)
Editorial: Galaxia
 (Col. Illa Nova)
Deseño e imaxe: Xohán Ledo



Ano: 2015 (17ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col.:
 literaria / Biblioteca
 Carlos Casares)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: “Árbores no
 outono” (Egon Schiele)

Ano: 1981 (3ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col.
 Narrativa)
Deseño e imaxe: Manuel
 Janeiro e Francisco
 Mantecón



Ano: 2004 (1ª ed.)
Editorial: Planet
Deseño: Gyn Rees
Imaxe: “Hawthorn tree”
 (Graham Brace)
Tradutora: Rosa
 Rutherford

Ano: 1993 (8ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col.
 Narrativa)
Deseño: Manuel Janeiro e
 Francisco Mantecón
Imaxe: “O nacemento de
 Venus” (Sandro Boticelli)



Ano: 2010 (1ª ed.)
Editorial: Punto de Partida
Deseño: Punto de Partida
Imaxe: “close up of a
 human skull with a hole
 in the bone” (Cristina
 Chirtes)

Ano: 2002 (14ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col.
 Literaria)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: “A morte de Procris”
 (Piero di Cosimo)



NARRATIVA BREVE COMPLETA



Ano: 2012 (1ª ed.)
Editorial: Libros del
 Silencio
Deseño: Nora Grossi e
 Enric Jordi
Imaxe: Alfonso Rodríguez
 Barrera
Tradutores: Xesús Rábade e
 Carlos Casares

CAMBIO EN TRES

Ano: 1969 (1ª ed.)

Editorial: Galaxia
(Col.: Illa Nova)

Deseño e imaxe: Xohán Ledo




O GALO DE ANTIOQUÍA

Ano: 2002 (1ª ed)

Editorial: Centro de
Cultura Popular do
Limia

Deseño: descoñecido

Imaxe: “Antioquía’
para Antía” (Manuel
Figueiras)




230

Ano: 2004 (2ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col.
Literaria / Biblioteca
Carlos Casares)

Deseño: Manuel Janeiro

Imaxe: “Cartel da expo-
sición da secesión” (Egon
Schiele)



Ano: 2003 (1ª ed.)

Editorial: Galaxia

Imaxe: Andrés Meixide



O SOL DO VERÁN – EL SOL DEL VERANO

Ano: 2002 (1ª ed)

Editorial: Galaxia (Col.
Literaria)

Deseño: Manuel Janeiro

Imaxe: Retrato de Albert
Paris von Gütersloch
(Egon Schiele, 1918)



Ano: 2003

Editorial: Alfaguara

Deseño: Enric Satué

Imaxe: Retrato de Albert
Paris von Gütersloch (Egon
Schiele, 1918)


Tradutor: Carlos Casares

XOGUETES PARA UN TIEMPO PROHIBIDO – XUGUETES PA UN TIEMPU PROHIBIU


Ano: 1975 (1º ed.)
Editorial: Galaxia
 (Col. Narrativa)
Deseño: Luis Mariño
Imaxe: Roberto Quintero



Ano: 2002 (9ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Literaria)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Anxo do retablo da igrexa de S. Francisco de Tepetzotlán (México)




Ano: 1981 (5ª ed.)
Editorial: Galaxia
 (Col. Narrativa)
Deseño e imaxe: Manuel Janeiro e Francisco Mantecón



Ano: 2005 (10ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Literaria / Biblioteca Carlos Casares)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: “O dormitorio do artista” (Egon Schiele)



Ano: 1984 (6ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Narrativa)
Deseño e imaxe: Manuel Janeiro e Francisco Mantecón



Ano: 1993 (1ª ed.)
Editorial: Trabe (Col. Incla interior)
Deseño: Trabe
Imaxe: “Contacto” (José María Navascués, 1972)
Tradutor: Xosé Miguel Suárez




OS ESCUROS SOÑOS DE CLÍO

Ano: 1979 (1ª ed.)

Editorial: Cerne
(Col. Área Maior)


Deseño e imaxe: Carlos
Delgado



Ano: 2002 (8ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col.
Literaria)

Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Azulexos da igrexa
de Dontato (Croacia)



232

Ano: 1980 (2ª ed.)

Editorial: Cerne (Col.
Minor)

Deseño: Xacobe Salom

Imaxe: gravado en
madeira que ilustra
a edición alemana do
Decamerón (Ausburgo,
1490)



Ano: 2006 (9º ed.)

Editorial: Galaxia
(Col. Literaria / Biblioteca
Carlos Casares)

Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: "Amantes" (Egon
Schiele)



Ano: 1984 (4ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col.
Narrativa)

Deseño e imaxe: Manuel
Janeiro e Francisco
Mantecón



LOS OSCUROS SUEÑOS DE CLÍO – GLI OSCURI SOGNI DI CLIO


Ano: 2004 (1ª ed.)
Editorial: Trabe (Col. Incla interior)
Deseño: Trabe
Imaxe: “Toos xuntos”
(Rafael Coronel)
Tradutor: Pablo A. Martín



Ano: 1989 (1ª ed.)
Editorial: Japadre
Deseño: Elisa D´Anna
Imaxe: “Sortilegio”
Tradutora: Giulia Lanciani



Ano: 1984 (1ª ed.)
Editorial: Alfaguara (Col. Nueva Ficción)
Deseño e imaxe: Enric Satué
Tradutor: Xesús Rábade
Paredes




ILUSTRÍSIMA - ILLUSTRÍSSIMA

Ano: 1980 (1º ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Narrativa)
Deseño e imaxe: Manuel Janeiro e Francisco Mantecón



Ano: 2004 (12ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Literaria / Biblioteca Carlos Casares)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: "Agonía" (Egon Schiele)



234

Ano: 1983 (2ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Narrativa)
Deseño e imaxe: Manuel Janeiro e Francisco Mantecón



Ano: 1981 (1ª ed.)
Editorial: Caralt
Deseño: Ubach
Tradutor: Basilio Losada



Ano: 1999 (11ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Literaria)
Deseño: Manuel Janeiro




Ano: 1993 (1ª ed.)
Editorial: Bromera (Col. L' Eclèctica)
Deseño e imaxe: Enric Solbes
Tradutor: Josep Franco Martínez



MONSEIGNEUR – HIS EXCELLENCY


Ano: 2014 (1ª ed.)
Editorial: Ker
Deseño: Xavier Vanvaerenbergh
Imaxe: “James Curley (1796-1889)” (Brady)
Tradutor: Michel Wagner



Ano: 2017 (1ª ed.)
Editorial: Small Stations Press
 (Col. Galician Classics – prose)
Deseño: Yana Levieva
Imaxe: Arquivo da Fundación Carlos Casares
Tradutor: Jacob Rogers


OS MORTOS DAQUEL VERÁN – LOS MUERTOS DE AQUEL VERANO – UN POLBO XIGANTE

Ano: 1987 (1º ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Narrativa)
Deseño e imaxe: Manuel Janeiro e Francisco Mantecón



Ano: 1999 (1ª ed.)
Editorial: Alfaguara
 (Col. Alfaguara Hispánica)
Deseño e imaxe: Enric Satué
Tradutor: Carlos Casares

Ano: 2009 (5ª ed.)
Editorial: Galaxia
 (Col. Literaria / Biblioteca Carlos Casares)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: “A nai do artista durmida” (Egon Schiele)



Ano: 2000 (1ª ed.)
Editorial: Galaxia
Imaxe: Luis Castro Enjamio


DEUS SENTADO NUN SILLÓN AZUL
DIOS SENTADO EN UN SILLÓN AZUL / DÉU ASSEGUT EN UNA BUTACA BLAVA

Ano: 1996 (1ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col.:
Literaria)

Deseño: Manuel Janeiro

Imaxe: “Vista dende unha
ventá” (Vincent van
Gogh)



Ano: 1996 (1ª ed)

Editorial: Alfabeta

Deseño: Enric Satué

Imaxe: Marga Puncel

Tradutor: Carlos Casares

236

Ano: 2005 (5ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col.
Literaria / Biblioteca
Carlos Casares)

Deseño: Manuel Janeiro

Imaxe: “Retrato de Johann
Harms” (Egon Schiele)



Ano: 2001 (1ª ed.)

Editorial: Proa (Col. Beta)

Deseño: Miquel Puig

Imaxe: “Office in a small
city” (Edward Hopper,
1953)

Tradutora: Lluïsa Soaz

LOLO ANDA EN BICICLETA

Ano: 2002 (1ª ed)

Editorial: Galaxia /
Editores Asociados
(Col. Bambán)

Deseño: Claret
Serrahima

Imaxe: Manuel Uhía
(versións en castelán,
catalán, valencian e
vasco)



Ano: 2007 (3ª ed)

Editorial: Galaxia (Col.
Árbore)

Deseño: Fausto Isorna

Imaxe: Manuel Uhía

A GALIÑA AZUL / LO ANDA EN BICICLETA

Ano: 1968 (1ª ed)
Editorial: Galaxia
Deseño e imaxe: Alberto García Alonso e fillos (Trichi, Ilda, Mima)



Ano: 1979 (3ª ed.)
Editorial: Galaxia
Deseño e imaxe: Alberto García Alonso e fillos (Trichi, Ilda, Mima)



Ano: 1984 (6ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Tartaruga)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Alberto García Alonso e fillos (Trichi, Ilda, Mima)



Ano: 1991
Editorial: Galaxia (Col. Árbore)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Xan López Domínguez



Ano: 2002
Editorial: Galaxia (Col. Árbore)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Xan López Domínguez




Ano: 2014
Editorial: Galaxia (Col. Árbore)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Alberto García Alonso e fillos (Trichi, Ilda, Mima)



AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS

Año: 1973 (1ª ed.)
Editorial: Galaxia
Deseño e imaxe: Luís Seoane



Año: 1979 (2ª ed.)
Editorial: Galaxia
Deseño e imaxe: Luís Seoane

238

Año: 1988
Editorial: Galaxia (Col. Tartaruga)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Luis Seoane



Año: 1993
Editorial: Galaxia (Col. Árbore)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Luís Seoane

Año: 2003
Editorial: Galaxia (Col. Árbore)
Deseño: Hayat Husein
Imaxe: Luís Seoane



Año: 2004 (1ª ed.)
Editorial: Xunta de Galicia (Col. Centro Dramático Galego)
Deseño: Permuy Asociados
Imaxe: Óscar Villán



O CAN RIN E O LOBO CRISPÍN

Ano: 2005 (2ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Árbore)
Deseño: Fausto Isorna
Imaxe: Pedro de Llano
 (versións da 1ª ed. en sardo, catalán, castelán, vasco e bretón)



TORIBIO CONTRA O PROFESOR SMITH

Ano: 1991 (1ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Árbore)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: Penélope Ares



ESCOLMA DE TRADUCIÓNS, ENSAIOS, GUÍAS, BIOGRAFÍAS E EDICIÓNS CRÍTICAS

Ano: 1972 (1ª ed.)
Editorial: Galaxia
Deseño: Gallimard
Imaxe: Antoine de Saint-Exupéry
Tradutor: Carlos Casares



Ano: 1998 (1ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Literaria)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: "O espello de Venus" (Sir Edward Burne-Jones)



Ano: 2006 (3ª ed.)
Editorial: Galaxia (Col. Biblioteca Carlos Casares)
Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: "Pared de ventás" (Egon Schiele)



Ano: 1999
Editorial: Galaxia
Deseño: Manuel Janeiro



Carlos Casares. Legado dun escritor


Ano: 1988 / 1988

Editorial: Novatex / Harrap Columbus

Deseño: Vitruvio 30 / Jill Raphaeline

Imaxe: Instituto Nacional de Promoción del Turismo

Tradutor: Paul McGreal



Ano: 1995 (1ª ed.)

Editorial: CaixaVigo


Deseño: CaixaVigo

Imaxe: Carlos Casares

Ano: 1996 (1ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col. Árbore)

Deseño: Manuel Janeiro



Ano: 1984 (1ª ed.)


Editorial: Galaxia

Deseño e imaxe: Manuel Janeiro e Francisco Mantecón

Ano: 1975 (1ª ed.)

Editorial: Galaxia

Deseño e imaxe: Xohán Ledo



Ano: 1981 (1ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col. Conciencia de Galicia)

Deseño: Manuel Janeiro e Francisco Mantecón

Ano: 2004 (1ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col. Biblioteca Carlos Casares)

Deseño: Manuel Janeiro

Imaxe: "Vista de Krumau" (Egon Schiele)



Ano: 2005 (2ª ed.)

Editorial: Galaxia (Col. Biblioteca Carlos Casares)

Deseño: Manuel Janeiro
Imaxe: "A arte non pode ser moderna, a arte é eterna" (Egon Schiele)

